



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 206

Volume XLII

xaneiro-febreiro 2018



Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

A Igrexa en saída. Lectura dalgunhas luces e chamadas
de Francisco na *Evangelii Gaudium*
por Xosé Antón Miguélez Díaz 5

Misionando na propia casa. Dunha Igrexa de mantemento
a unha Igrexa misioneira na nosa Terra
por Manuel Regal Ledo 21

Campos de misión: Luces de esperanza
por Santiago González Avión 43

Achegas

Crónica da celebración dos 40 anos de *Encrucillada*
por Lucía Santiago Díaz 58

Discurso na celebración dos 40 anos de *Encrucillada*
por Pedro Castelao 59

40 anos de *Encrucillada*: Á luz das candeas
por Víctor F. Freixanes 66

Presentación da monografía *As letras galegas na Encrucillada*
por Marisa Vidal Collazo 71

40 anos de *Encrucillada*
por Andrés Torres Queiruga 76



In memórium

Eu de maior quero ser como Piluca
por Marisa Vidal Collazo 79

Documento da Paz

A igualdade que soñamos
por Coordinadora de Crentes Galegos 84

Crónicas

A procura dos poderes morais
por Xosé Luís Barreiro Rivas 91

No tempo dos suevos
por Xoán Bernárdez Vilar 98

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 110

Recensións

O ollo e a fonte
por Ramon Cao Martínez 120

Ilustracións

por Soedade Pite 63, 81



«Saír de si» é outra forma de nomear a experiencia máis básica do amor. Porque a dinámica natural coa que todos nacemos está vinculada coa idolatría do noso ego. Co desexo inconsciente de sermos centro absoluto do mundo. E só a alteridade do que non son eu é quen de turrar de min para liberarme do meu propio autoxiro. Malia que experimento forzas poderosas no meu interior que non só me din que desconfíe de todo dinamismo de doazón excéntrica e de gratuidade confiada, senón que puxan por trabar o meu propio paso canto tento «saír de min» atraído e interpelado por ese outro eu que non son eu.

A aventura do amor. Esa viaxe cara unha alteridade que, por necesidade ou por exceso, se nos presenta coma reclamante de nós. E nós, coma precisando, por plenitude a compartir ou por soidade a acompañar, unha voz que nos diga, sen dicir nada, «aquí estou», vencendo, tan só coa súa simple presenza, toda a nosa natural «autoreferencialidade».

O que é certo da nosa existencia individual tamén o é nas colectividades sociais.

E máis aínda da realidade da Igrexa –*ekklesia tou Theou*– por canto leva no seu propio nome ese configurador matiz de ser «chamada», «congregada», «reunida» no nome do Señor. Asemblea, xa que logo, conxuntada para «saír de si», para existir en perpetuo estado itinerante achegándose aos que máis lonxe están e aos que máis o precisan.

O primeiro estudo de Manuel Regal Ledo ilústranos sobre este cambio necesario dunha Igrexa en estado de estéril conservación a unha Igrexa en activo camiño de misión. Centrándose, logo de percorrer a historia, na situación propia de Galicia.

Xosé Antón Miguélez afonda nesta mesma liña da man do maxisterio do Papa Francisco. En concreto: da súa análise de *Evangelii Gaudium*. En forma interpelante recolle interesantes chamadas do Papa rematando mesmo cunha parábola cun ton marcadamente pastoral.

Santiago González Avión sintetiza no seu estudo diversas experiencias que, centrándose no mundo do cárcere, no rural e no medio ambiente, reflicten uns intentos moi positivos de facerse presente nas periferias das nosas sociedades sen perder por iso a propia identidade relixiosa.

E seguindo co dinamismo da saída publicamos, tamén, neste número de Encrucillada os textos preparados por Marisa Vidal, Víctor Freixanes, Andrés Torres Queiruga e un servidor para conmemorar os corenta anos da aparición da nosa revista coa presentación pública dunha obra en dous volumes que recolle, en síntese, a nosa achega á celebración das Letras Galegas. Lucía Santiago Díaz ofrece unha breve crónica do acto celebrado o 19 de xaneiro de 2018 na sé da RAG.

Cun *In Memoriam* de Marisa Vidal no que lembra a «Piluca» –toda unha muller a descubrir–, o documento da Paz da Asemblea de Crentes Galegos e unha recensión de Ramón Cao sobre un libro de Almudena Otero Villena, pechamos un número que, por derradeira vez, se completa co tradicional esquema das tres crónicas de política, cultura e Igrexa.

O Consello da revista considerou chegado o tempo de estruturar novamente ese espazo centrándose máis nas cuestións eclesiais, deixando a atención á política e a cultura a outras publicacións máis especializadas. Nin que dicir ten o agradecemento que todos os lectores de *Encrucillada* lle debemos ao desinteresado traballo de Xosé Luís Barreiro Rivas e Xoán Bernárdez Vilar. Todos somos ben conscientes da valía das súas contribucións e acreditada constancia queda dela nas páxinas que deixan aquí tras de si.

O debuxos de Soedade Pite completan un número que agardamos sexa do interese de todos vós.

Pedro Castelao